

RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 1302/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Antecedentes

1º.- Pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) concedeuse a este Concello unha axuda, ao abeiro do Plan Camiña Rural, para a actuación denominada “Renovación de Camiños de Riba, Corvite, Suarriba e Caxigueira” polos seguintes importes:

Anualidade 2024: 53.461,58 euros

Anualidade 2025: 56.275,42 euros

Total 109.737,00 euros

2º.- Por resolución da Alcaldía núm. 2025-0843 do 28.08.2025, aprobouse o expediente de contratación da obras comprendidas no proxecto titulado “Renovación de Camiños de Riba, Corvite, Suarriba e Caxigueira”, por importe total de licitación 132.779,77 euros, redactado polo Arquitecto Técnico Francisco Javier Dopico Dominguez e asinado dixitalmente en data 26.02.2025, integrado pola seguinte documentación:

- Autorización sectorial de: Dirección Xeral de Patrimonio de data 15/04/2025 (CVE dW8l8LOGzAJ8)
- Informe subscrito da Arquitecta técnica municipal no que se fai constar que os camiños onde se pretende actuar son de titularidade municipal (CVE 54AX3QRMRX2CDJ5HMKJSM54EF).
- Informe técnico-urbanístico de data 06.06.2025 emitido pola arquitecta técnica municipal, de carácter favorable. (CVE 5ANPWZLHCERCC99266FHNRYNJ)
- RC de data 25.06.2025 aplicación orzamentaria 1532 61900 (número de operación 220250010531) por importe de 132.779,77 euros



- Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión do día 12.08.2025 polo que se aproba devandito proxecto técnico
- Acta de trazado de planta previo asinado polo tecnico redactor do proxecto e pola alcaldia o día 12.08.2025 pola tecnica municipal e pola alcaldia o día 18.08.2025 (Cod. Validación: 9MQP4CHK7G5QY2T79S7HFZAY2)
- Informe xustificativo da necesidade do contrato, determinando as directrices de xestión necesarias para a elaboración dos pregos asinado polo concelleiro delegado en materia de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, con data 25.08.2025 (Cod. Validación: 4TGGCCKPCXRLRXTFH3HF7ZQSJ)
- Pprego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o cadro resumo de características particulares (CCP) asinados pola alcaldia con data 25.08.2025. Non obstante o CCP modifícase para dar cumprimento as indicacións do informe de fiscalización emitido polo interventor municipal , en rexime de acumulación incorporándose devandito CCP modificado o día 28.08.2025 (Cod. Validación: 7YTTJC233AYLZGEQCZ5QGJQM6)
- Informe xurídico de data 21 de agosto de 2025 (Cod. Validación: 3QA4ZWYCWTNTR5QMH7ZCWSFED)
- Informe de fiscalización fase A emitido polo Interventor municipal, en rexime de acumulación, o día 21.08.2025 (Cod. Validación: 7CJFKGERPXG36SG6JLHNP93CN)

3º.- A licitación foi publicada na *Plataforma de Contratación del Sector Público* (PLACE) con data 28.08.2025, abríndose o prazo de presentación de ofertas de 20 días naturais.

4º.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, con data 18.09.2025 réunese a Mesa de Contratación co fin de proceder á apertura das ofertas, estendéndose acta na que se fixo constar que «unha vez identificados na plataforma o número de membros da mesa necesarios para a apertura de ofertas, comprobouse que **non consta que se presentasen ofertas en dito procedemento**».

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXCAP), no que non se opoña á LCSP



- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROF).

Consideracións

Tendo en conta que tal e como se fixo constar na documentación preparatoria do expediente, as obras proxectadas son necesarias para a conservación e mellora de accesos rodados e para garantir a seguridade tanto do tráfico rodado como do peonil.

Considerando que non é preciso introducir modificacións no proxecto técnico, nos pregos nin na restante documentación contractual, estimase conveniente abrir un novo prazo de 20 días para a presentación de ofertas, por se houbera algún empresario interesado.

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local adóptase a seguinte:

RESOLUCIÓN

1º.- Abrir un **novo prazo de 20 días naturais** a contar desde o seguinte á publicación no perfil do contratante do correspondente anuncio, para a presentación de ofertas en relación á adxudicación do contrato de obras denominado “Renovación de Camiños de Riba, Corvite, Suarriba e Caxigueira”, cun orzamento base de licitación 132.779,77 euros; segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto Técnico Francisco Javier Dopico Dominguez e asinado dixitalmente en data 26.02.2025.



2º.- Publicar o correspondente anuncio no perfil de contratante.

En Ortigueira, na data indicada na marxe
O alcalde

Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

O secretario xeral

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

